

O novo curso escolar 2004-5: actual situación do sistema educativo

José Luis Estévez Solla

Comentaba no anterior número desta revista CEDOFEITA os cambios más significativos que se ían dar no ensino coa implantación da LOCE, e que a súa aplicación só contaba co apoio do partido gobernante -PP con maioría absoluta-. A Lei era rexeitada en maior ou menor grao polos restantes partidos parlamentarios, sindicatos, asociacións estudiantís, e ANPAs de centros públicos; e así presentáranse recursos de anticonstitucionalidade pola obligatoriedade de cursar a asignatura de "Sociedade, Cultura e Relixión" nas opcións confesional e non confesional, o ter o mesmo valor a efectos de repeticións de curso, titulación, becas, etc.

Mais os resultados das eleccións xerais do pasado 13 de marzo do ano que andamos, levaron o PSOE ó goberno do estado, dada a maioría relativa conseguida. Este adoptou entre as súas primeiras medidas, xa anunciadas, a paralización do calendario de implantación da LOCE -maio de 2004-. Medida que foi recurrida polo anterior partido gobernante e Comunidades Autónomas con gobernos do mesmo partido ante o Tribunal Supremo, o cal avalou favorablemente a moratoria do goberno -xullo-. Só se exceptúan deste aprazamento do calendario de implantación -RD 827/2003- a gratuidade da educación infantil -tres a seis anos- e as ensinanzas de idiomas.

A ministra de Educación e Ciencia vai presentar no mes de setembro o documento "**Una educación de calidad para todos y entre todos**", <*Proyecto para el debate*> verbo das súas concepcións educativas cara á reforma da actual LOCE, ou elaboración dunha lei de Bases ou dunha nova lei xeral de educación. Ó respecto preséntase o seguinte calendario: a) debate do documento <setembro-decembro de 2004>, b) conclusóns e proxecto de Lei <xaneiro-febreiro de 2005>, c) debate parlamentario ata o curso 2005-06, d) desenrollo normativo polas distintas administracións educativas <curso 2005-06>, e) inicio da

aplicación das reformas no curso 2006-07.
(debateeducativo.mec.es)

De seguido considero importante falar sobre as medidas de tipo estructural e organizativo que afectan o alumnado neste novo curso, dada a coexistencia actual no sistema educativo da LOCE e LOXSE; para a continuación realizar uns breves comentarios sobre certos aspectos das propostas para o debate do documento do MEC.



Principais aspectos a salientar do sistema educativo en Galicia no actual curso 2004-05

A.- Permanecerán igual que no pasado curso 2003-04

- As mesmas asignaturas e os seus currículos - "preparados cos libros de texto"- dos catro cursos da ESO e dos dous cursos de bacharelato (as actuais catro modalidades: ciencias da natureza e da saúde, tecnoloxía, humanidades e ciencias sociais, e artes).
- Igual sistema das PAAU (proba de aptitude de acceso á universidade)/"selectividade", - mesmas dúas partes da proba, e igualmente as 5 vías de acceso e materias vinculantes para cada vía-.
- Mesmo sistema de acceso ós ciclos de Grao Medio (título de graduado en ESO, ou acceso ó 20% das prazas mediante Proba), e de Grao Superior (bacharelato LOXSE, COU ou FPII -segundo prioridade-, ou mediante superación da Proba de acceso, 20%)
- Os Programas de Garantía Social. Modalidade A -formación básica e profesional no mesmo centro-, e B -formación básica no centro e profesional en empresas-.
- Seguirán as medidas de atención á diversidade: Reforzo educativo, ACIs -adaptacións cu-

rriculares individualizadas-, PDC -programas de diversificación curricular, nos derradeiros cursos da ESO cara á obtención do Título- e os Agrupamentos Específicos -en determinadas áreas básicas-

- Igual proceso para cursar a EPA -educación permanente de adultos- para o bacharelato e ciclos. Mais para cursar a ESO ademais das condicións dos anos anteriores -cumprir ou ter os 18 anos no ano de comienzo de curso, menores desa idade con contrato de traballo, e dos que o compaxinaban cun PGS-; a Circular 20/2004 da Consellería na instrucción 2º sinala que o alumnado que cumpra 16 ou 17 anos e que o equipo de avaliación considere que sí polas súas actitudes, intereses ou posibilidades non poida promocionar ou acadar o título da ESO "poderá continuar estudos de educación secundaria obligatoria no réxime de ensinanzas para persoas adultas"..."despois de ser oídos os pais..." -de acordo co art. 21.2 da LOCE-.

B.- Seguirán as novas medidas da LOCE implantadas neste curso para a ESO

(RD 827/2003 de implantación da LOCE, -BOE de 28-06-03-. Or. do 25-08-03 e do 21-11-03, e Circulares 6, 8 e 20/2004 da Consellería de Educación)

- A promoción será curso a curso -así 1º curso pode repetirse, non hai xa primeiro ciclo-.
- Seguirá a proba extraordinaria de recuperación das asignaturas suspensas en setembro.
- O alumnado con máis de tres suspensas en setembro repetirá curso; ou non poderá continuar no centro de acordo co xa comentado art. 21.2 da LOCE e Circular 20/2004.
- As materias pendentes téñense que recuperar.
- Para acadar o Título de Graduado en ESO hai que:
 - . aprobar todas as asignaturas.
 - . excepcionalmente poderase obter o título con 1 ou 2 asignaturas suspensas sempre que non sexan matemáticas, lingua galega ou lingua castelá.
 - . esta excepcionalidade só poderá contemplarse na convocatoria extraordinaria de setembro.
 - . dende este curso 2004-05 téñense que recuperar as materias pendentes.

. o alumnado de 4º de ESO con avaliación negativa nunha ou más asignaturas terá que repetir o curso completo; ou non continuar no centro de acordo coa xa citada Circular 20/2004.

C.- Paralízase o calendario previsto de aplicación da LOCE

(RD 1318/2004. BOE de 29-05-04)

- Xa non se implantarán no 3º de ESO os itinerarios (científico-humanístico e tecnológico), nin os PIP -programas de iniciación profesional-.
- Tampouco as novas modalidades de bacharelato nos que cursen 1º este ano académico. Por tanto xa non haberá a PXB -proba xeral de bacharelato- /"a reválida" en xuño de 2005 para todo o alumnado que aprobara os dous cursos.
- A materia de Formación Religiosa seguirá tendo como alternativa Actividades de Estudio -esta última seguirá sen validez nas cualificacións-; por tanto non se implanta a máis que polémica materia de "Sociedade, Cultura e Relixión". A asignatura de Formación Religiosa segue sen cuantificar para a nota media en becas e cara á "selectividade".

D.- Acceso a estudos universitarios desde a Formación Profesional de grao superior

A Consellería de Educación e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo no ámbito das súas competencias acordaron facilitar o acceso dos Técnicos Superiores de FP aos estudos universitarios de primeiro ciclo. Recoñecendo para este curso 2004-05 a validación dos mesmos por créditos de materias de libre elección, optativas ou troncais segundo tipo de carreiras e familias profesionais (22). A validación de estudos serán nas diplomaturas de enfermería, educación social, e ciencias empresariais; e nas enxeñerías técnicas en informática de xestión, enxeñería técnica agrícola -industrias agrarias e alimentarias, mecanización e construcción rurais, hortofruticultura e xardinería, e explotacións agropecuarias-, enxeñería técnica forestal -explotacións forestais, e industrias forestais-, e na enxeñería técnica de telecomunicación -son e imaxe, e sistemas de telecomunicación-.

Sobre as propostas do documento "Una educación para todos y entre todos"-Proyecto para el debate-

O documento ven reflectir as ideas do programa educativo do partido socialista, e na procura dun consenso cara á reforma da lei actual ou elaboración dunha nova, fai unha reflexión sobre a prevención das desigualdades, da equidade e procura dunha sociedade inclusiva, da competencia adecuada nunha sociedade intereuropea, da educación para a cidadanía, na elección da optatividade e non da prematuridade anterior sobre elección de itinerarios, respecto dun novo marco do ensino das relixións, etc.. Ditas aportacións veñen retirar os aspectos rexeitados, da Lei de Calidade, por todos os demais partidos, sindicatos e asociacións progresistas, nos más denostados da obrigatoriedade do feito relixioso, do prioritario valor do esforzo e da esixencia persoal, da prematura elección de itinerarios, da proba xeral de bacharelato, da carreira profesional ou o da "autonomía" dos centros -no que atinxe ó Claustro de profesores e o Consello escolar-.

Así, nos principios que inspiran a proposta da procura dunha educación de calidade e do esforzo compartido para educar a todos entre todos, integradora, na que a equidade é concebida como oferta de posibilidade ós alumnos sen preguntarse pola xustiza ouinxustiza que implican as desigualdades, cunha escolarización equitativa en todos os centros sostidos con fondos públicos do alumnado con dificultades específicas -con necesidades especiais, estranxeiros, etc-. Mais, ademais das tradicionais medidas do reforzo, PDC, grupos flexibeis e apoio, suscítanos interrogantes do como levar a cabo as novas medidas preventivas cando sexan detectadas as dificultades -máis horas de traballo nos centros, plan de reforzo para os meses de verán, titoría de pares ou por outros maiores, escolas aceleradas, ou mesmo os compromisos pedagóxicos entre as familias e a escola para mellorar o rendimento do alumnado e centros facendo realidade o esforzo compartido-.

Outro aspecto a salientar é a dobre dimensión do ensino da relixión, por unha banda a inclusión no currículo ordinario da historia das relixións -profesorado de sociais o filosofía-, e pola outra do ensino confesional, e de compaxinar o carác-

ter ideoloxicamente neutral da escola pública (sentencia de TC de 13/02/81), o dereito dos pais a formación segundo as súas conviccións (art. 27.3 da Constitución) e os acordos coa Santa Sede (03-01-79) "a relixión católica se realizará en condicións equiparabeis ás demais materias fundamentais". ¿Vai ir fóra do horario normal xa que non ten alternativa como hoxe? -vaise elevar dita pregunta ó Consello de Estado-, por suposto que para nós os credos relixiosos teñen que estar no ámbito privado.

Dentro da educación en valores na procura dunha educación que favoreza a adquisición de hábitos de convivencia, tolerancia, repecto mutuo e de desenvolvemento nos alumnos de actitudes solidarias, o documento ademais de apoiar como na LOXSE o seu carácter transversal, propón incluir unha nova asignatura de Educación para a cidadanía, que se impartiría en dous cursos da ESO e nun de bacharelato, e que versaría sobre a concepción democrática da organización social e política, o tamén leva a interrogantes xa perclitados.

Outros aspectos a destacar son os de:

- . A educación infantil como unha única etapa, con dous ciclos (0-3 e 4-6) cunha finalidade educativa propia impartida por mestres especialistas -con colaboración doutros profesionais no 1º ciclo-.
- . Avaliación diagnóstica o remate de 4º de primaria e 2º de ESO cara prever o fracaso escolar, con carácter formativo interno.
- . 2 asignaturas máis en 1º e 2º de ESO cás que tiveron en educación primaria.
- . Bacharelato máis flexible-unha sóa materia propia de modalidade- cara a unha única proba de acceso á universidade -desaparición da PXB-. Inclusión dunha nova asignatura común de formación científica.
- . Acceso ós ciclos de Grao Superior co bacharelato aprobado -como hoxe coa LOXSE-. Un novo curso "ponte" coa titulación de Grao Medio cara ó acceso ós ciclos superiores. Maior integración do tres sistemas da formación profesional -regrada, ocupacional e continua-, segundo as medidas do Consello de Ministros de Educación da Unión Europea e dentro do Europass.